XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral de Política Social

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 545 400

galicia

INSTRUCIÓN SOBRE A REALIZACIÓN DOS INFORMES DE SEGUIMENTO EN ADOPCIÓN INTERNACIONAL

O artigo 6 da Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional establece entre as **funcións que deben realizar as entidades colaboradoras** de adopción internacional a de "*realizar as xestións correspondentes para o cumprimento das **obrigas postadoptivas** establecidas para os adoptantes na lexislación do país de orixe do menor adoptado que lle sexan encomendadas, nos termos fixados pola Entidade Pública de Protección de Menores española que a acreditara".*

Pola súa banda, o artigo 97.3 d) da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, indica entre as funcións que estas entidades deberán desenvolver a "realización dos seguimentos postadoptivos".

Tendo en conta a carga de traballo que soportan os Equipos Técnicos de Adopción das xefaturas territoriais, e co fin de apoialos no desenvolvemento das súas tarefas de xestión dos procedementos de adopción internacional, enténdese conveniente que a realización dos seguimentos daquelas persoas que tramitaran o seu expediente de adopción internacional por medio dunha ECAI, sexan realizados por esta.

Para tal fin modifícase o punto 5.º da Circular núm. 16, de 11 de xuño de 2008, pola que se ditan instrucións para a tramitación dos procedementos de adopción internacional, que queda redactado do seguinte xeito:

"As persoas adoptantes dunha ou dun menor estranxeiro están obrigadas a someterse aos seguimentos que esixa a normativa do país de orixe da/do adoptada/o.

Estes seguimentos serán realizados:

- *Pola ECAI que tramitou o expediente.*
- *Polo Equipo Técnico da correspondente xefatura territorial, nos seguintes supostos:*
  - *Cando as persoas adoptantes tramitaran o expediente por protocolo público. Neste caso, as persoas adoptantes ocuparanse da tradución do informe e a Secretaría Xeral de Política Social enviarao aos organismos que proceda.*
  - *Cando as persoas adoptantes tramitaran o expediente a través dunha ECAI doutra comunidade autónoma. Nestas situacións, o ETM deberá remitir o informe de seguimento á Secretaría Xeral de Política Social, que o enviará á Entidade Colaboradora de Adopción Internacional para a súa tradución e envío.*
  - *Cando as persoas adoptantes adoptaran outra/o menor e estean a realizar os seguimentos postadoptivos desta/e coa xefatura territorial.*

O Equipo Técnico do Menor realizará os informes de seguimento dos expedientes tramitados por ECAI nos supostos citados e, se xurdiran situacións diferentes e o Equipo Técnico considerase conveniente asumir a realización dos seguimentos, deberá remitir a súa solicitude ao Servizo de Protección de Menores para que a valore e, se fora o caso, autorice expresamente. En ningún caso o ETM poderá asumilos sen autorización. A familia, pola súa banda, tamén poderá remitir directamente o seu escrito de solicitude para ser evaluada por este servizo.

En todo caso, cando o expediente de adopción fora tramitado a través dunha ECAI, a tradución e envío do expediente ao país de orixe da/do menor adoptada/o sempre corresponderá a esta.

Os informes emitiranse coa periodicidade, nos termos e condicións que sinale o país de orixe do/da menor. É fundamental que se realicen coa previsión suficiente para a súa tradución, legalización e envío ao país.

Os adoptantes deberán facilitar no tempo previsto a información, documentación e entrevistas que o Equipo Técnico, ou a ECAI autorizada, precise para a emisión dos informes de seguimento postadoptivo esixidos polo país de orixe (artigo 11 da Lei 54/2007).

Para a realización dos seguimentos deberá realizarse unha ou varias entrevistas en presencia da/do menor adoptada/o".

Esta instrución aplicarase desde a data da súa sinatura, deixando sen efecto a Instrución sobre a realización de informes de seguimento en adopción internacional, de 18 de maio de 2010.

Os seguimientos que, no momento actual, estean a ser realizados polos Equipos Técnicos do Menor non se verán afectados por esta instrución e se continuarán facendo como ata a data, facendo constar no informe o nome da ECAI que tramitou o expediente, se fora o caso.

Todos os seguimientos que se inicien con posterioridade á aprobación desta instrución seguirán o procedemento recollido nesta.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2012

A secretaria xeral de Política Social

María del Coro Piñeiro Vázquez

XUNTA DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL · CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR